

# 1. Bolsas e prácticas profesionais

## 1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Corpo Europeo de Solidariedade é unha iniciativa impulsada pola Comisión Europea, anunciada polo presidente Juncker no discurso anual sobre o Estado da Unión en setembro de 2016. A iniciativa púxose en marcha a partir de decembro dese mesmo ano.

O obxectivo do Corpo Europeo de Solidariedade é crear oportunidades para que os mozos e mozas traballen como voluntarios ou colaboren en proxectos que beneficien a comunidades e cidadáns de toda Europa. Desta maneira, perséguese a consolidación dunha sociedade máis integradora, na que se apoie as persoas vulnerables e se dea resposta aos retos sociais, a través de experiencias estimulantes e enriquecedoras para os participantes.

### CORPO EUROPEO DE SOLIDARIEDADE

#### Requisitos

1. A inscrición poderase realizar a partir dos 17 anos, pero até o cumprimento dos 18 non se poderá participar en ningún proxecto. A idade máxima é de 30 anos.
2. Deberase ter nacionalidade ou residencia legal nun dos Estados membros da Unión europea ou dalgún dos seguintes países: Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía ou Macedonia.
3. Aceptar os obxectivos e principios do Corpo Europeo de Solidariedade e compartir os seus valores.

O cumprimento dos anteriores requisitos permite a participación no Corpo Europeo de Solidariedade, sen prexuízo de que cada proxecto poña cadanseus requirimentos.

#### Lugar

Polo xeral, os proxectos han de desenvolverse dentro dos Estados membros da Unión Europea.

#### Prazos de solicitude

O Corpo Europeo de Solidariedade é unha iniciativa nova, polo que hai moitas organizacións que aínda están na fase de elaboración de propostas de proxectos. Até finais da primavera de 2017 non se comezou a admitir participantes, que se incorporarían a partir de xuño do mesmo ano.

A Comisión Europea anunciará convocatorias de propostas para distintos tipos de proxectos do Corpo Europeo de Solidariedade e difundirá a información pertinente a través das redes sociais e do correo electrónico.

No portal da iniciativa, unha vez rexistrado/a, pódense ver as diferentes ofertas existentes na totalidade dos Estados membros.

#### Proceso de selección

Os interesados deberán realizar unha inscrición na páxina web, na que confirmarán que aceptan e defenden os obxectivos e principios do Corpo Europeo de Solidariedade. Nesa inscrición pedirase información sobre experiencia, coñecementos, preferencias e a elaboración dun perfil actualizable en calquera momento. A partir de aí, os datos da persoa inscrita quedarán gardados nunha base á que terán acceso as organizacións autorizadas pola Comisión Europea para levar a cabo os proxectos. Estas serán as encargadas de contactar coas persoas interesadas para ofrecerlles un posto dentro do seu proxecto, podendo os inscritos aceptalo ou rexeitalo. Unha vez aceptada a oferta, as organizacións e participantes deberán asinar o contrato de solidariedade onde se especifiquen os detalles, para que a Comisión poida avalalo.

Para acceder ao portal de rexistro, prema na seguinte [ligazón](#).

#### Duración e contía

O proxecto estará en funcionamento ata o 2020 e a súa duración poderá oscilar entre dous meses e un ano.

As persoas que participen en proxectos como voluntarios non percibirán remuneración algunha, senón outros tipos de axuda económica procedente do correspondente programa da UE que financie a actividade, que cubrirán gastos de transporte, aloxamento, manutención, seguro médico e diñeiro de *peto*.

As persoas contratadas a través da vertente ocupacional do Corpo Europeo de Solidariedade terán un contrato de traballo, polo que recibirán unha remuneración acorde á normativa salarial e aos convenios colectivos vixentes no país de recepción.

As persoas contratadas como aprendices ou bolseiros terán un contrato de traballo e, en principio, pagaráselles unha dieta.